



CONCELLO DE OURENSE
SECRETARIA XERAL DO PLENO

**RESUMO DOS ACORDOS DO PLENO DO CONCELLO DO DÍA 14 DE
XANEIRO DO ANO 2022**

1.- Aprobación das actas dos plenos ordinario do 5 de novembro de 2021, do extraordinario do día 10 de novembro do ano 2021 e do extraordinario urxente do día 30 de novembro do ano 2021.

Apróbanse por unanimidade dos presentes as actas correspondentes á sesión extraordinaria do día 10 de novembro do ano 2021 e da extraordinaria urxente do día 30 de novembro do ano 2021.

2.- Posta en coñecemento das resolucións ditadas dende a data de celebración do último Pleno e, en especial dos seguintes:

- Decreto núm. 8890, do 9/11/2021, sobre delegación temporal das funcións da Área de Servizos Sociais, que están atribuídas á concelleira dona Eugenia Díaz Abella, na concelleira dona Flora Moure Iglesias o día 2 de decembro de 2021.
- Decreto núm. 9016, do 7/12/2021, sobre delegación temporal das funcións da Área de Urbanismo, Vivenda e Patrimonio, que están atribuídas á concelleira dona Sonia Ogando Vázquez, na concelleira dona Ana María Fernández Morenza, dende o día 13 ao 21 de decembro de 2021, ambos os dous incluídos.
- Decreto núm. 9073, do 10/12/2021, sobre delegación temporal das funcións da Área de Medio Ambiente, que están atribuídas ao concelleiro don Jorge Pumar Tesouro, na concelleira dona Ana María Fernández Morenza, dende o día 10 ao 17 de decembro de 2021, ambos os dous incluídos.
- Decreto núm. 4, do 3/01/2021, sobre delegación temporal das funcións da Área de Servizos Sociais, que están atribuídas á concelleira dona Eugenia Díaz Abella, na concelleira dona Flora Moure Iglesias o día 4 de xaneiro de 2022.

O Concello Pleno deuse por informado dos decretos e resolucións da Alcaldía ditados dende a data de celebración do último Pleno.

3.- Posta en coñecemento do escrito de D. Antonio Fernández Martín en que comunica a súa incorporación ao Grupo Municipal de Democracia Ourensana tras o seu nomeamento como concelleiro

Dáse conta do escrito do concelleiro D. Antonio Fernández Martín en que solicita a súa adscrición ao Grupo Municipal de Democracia Ourensana.

O Pleno deuse por informado.

4.- Posta en coñecemento do decreto da Alcaldía polo que se nomean os membros da Xunta de Goberno Local (decreto núm. 9621/2021)

DECRETO DA ALCALDÍA. Ourense, na data de sinatura electrónica

A organización da Xunta de Goberno Local nos municipios de gran poboación, regulados no Título X da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local, dentro dos que se atopa o Concello de Ourense, establécese nos artigos 126 e 127 da mencionada norma; nos artigos 38 d), 52, 112 e 113 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROF) e nos artigos 99 a 104 do Regulamento Orgánico de Goberno e Organización do Pleno e da Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións do Concello de Ourense.

De conformidade co disposto nos artigos 126.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril e 28. d) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF), corresponde ao Alcalde nomear e separar libremente aos membros da Xunta de Goberno Local cuxo número non poderá exceder dun terzo do número legal de membros do Pleno, ademais do Alcalde, por conseguinte, no caso do Concello de Ourense, este número será de 9 ademais do Alcalde.

Asemade, conforme establece o artigo 126.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril e o artigo 102 do Regulamento Orgánico de Goberno e Organización do Pleno e a Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións do Concello de Ourense, a Secretaría da Xunta de Goberno Local corresponderalle a un dos membros que reúna a condición de concelleiro/a, designado polo Alcalde, quen redactará as actas das sesións e certificará sobre os seus acordos.

O artigo 100.1 do Regulamento Orgánico de Goberno e Organización do Pleno e a Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións do Concello de Ourense, en relación co artigo 112.2 do ROF establece que a Xunta de Goberno Local, como órgano resolutorio, celebrará sesións ordinarias con periodicidade semanal. Finalmente, o punto 3 do artigo 112, e no mesmo senso o artigo 100.3 do Regulamento Orgánico de Goberno e Organización do Pleno e a Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións do Concello de Ourense, prevé que lle corresponde ao Alcalde fixar, mediante Decreto, o día e hora en que deba celebrarse a sesión ordinaria.

Por outra banda, o artigo 126.5 da Lei 7/1985, de 2 de abril, establece que as deliberacións da Xunta de Goberno Local son secretas e prevé que as súas sesións poden asistir entre outros os titulares dos órganos directivos cando sexan convocados expresamente polo Alcalde.



CONCELLO DE OURENSE
SECRETARIA XERAL

Á vista do anteriormente exposto, o sr. Alcalde do Concello de Ourense, no exercicio das competencias que lle foron legalmente atribuídas, **RESOLVE:**

PRIMEIRO.- Nomear como membros da Xunta de Goberno Local aos/as seguintes concelleiros/as:

- 1.- Don Armando Ojea Bouzo
- 2.- Don Antonio Fernández Martín
- 3.- Don Jorge Pumar Tesouro
- 4.- Dona Ana María Fernández Morenza
- 5.- Dona Flora Moure Iglesias

SEGUNDO.- Corresponderalle á Xunta de Goberno Local, así integrada, e baixo a presidencia desta **Alcaldía**, colaborar de forma colexiada nas funcións de dirección política que á Alcaldía- Presidencia corresponde e exercer as funcións executivas e administrativas que se sinalan no artigo 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril.

TERCEIRO.- Nomear Concelleiro/a- Secretario/a da Xunta de Goberno Local ó/á membro da mesma don Armando Ojea Bouzo e, como substituto/a, nos casos de ausencia, enfermidade ou abstención legal ou regulamentaria, ó Concelleiro don Antonio Fernández Martín.

CUARTO.- Fixar, salvo excepción xustificada, a periodicidade das sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local, semanalmente, os xoves ás 08:30 horas.

QUINTO.- Derogar o decreto 2021005266 de data 02/07/2021 .

SEXTO.- A presente resolución producirá efectos dende a mesma data da súa sinatura, sen prexuízo da preceptiva publicación no Boletín Oficial da Provincia, e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Ourense e da Casa do Concello.

SÉTIMO.- Notificarlle persoalmente a presente resolución ós concelleiros/as nomeados. O nomeamento considerarase tacitamente aceptado, salvo manifestación expresa en contra.

OITAVO.- Darlle conta desta resolución ó Pleno da Corporación na primeira sesión que teña lugar.

O Concello Pleno dáse por informado.

5.- Posta en coñecemento do decreto de Alcaldía-Presidencia de delegación de competencias (decreto núm. 9626/2021)

DECRETO DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS

Consonte establece o artigo 124.5 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o alcalde ten atribuída a facultade de delegar determinadas atribucións, na Xunta de Goberno local, nos seus membros, e nos demais concelleiros e concelleiras e incluso, en outros órganos de nova creación, derivado da súa facultade de establecer a organización e estrutura da administración municipal executiva.

Visto o decreto 2021007311 de data 29/09/2021 polo que se aproba a estrutura das áreas que integran o Goberno municipal.

Considerando a necesidade de adecuar o réxime de delegación de competencias da Alcaldía na Xunta de Goberno local e nos/as concelleiros/as ós cambios efectuados na Corporación e na estrutura das áreas de goberno e vistos, entre outros, os artigos 43, 44, 120 e 121 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROF), en relación co artigo 9 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

RESOLVO

Primeiro.- Cambiar a denominación da área de EDUCACIÓN E Cultura, que pasará a denominarse “**ÁREA DE EDUCACIÓN, ARTES E FESTEXOS**”,

Segundo.- Dentro das áreas que actualmente están baixo a directa dependencia da Alcaldía, delegar as seguintes:

1- EDUCACIÓN, ARTES E FESTEXOS :

No concelleiro e membro da Xunta de Goberno Local, **don Antonio Fernández Martín**, as competencias xenéricas relativas a **Educación**, incluíndo a autorización e disposición de gastos, as facultades de dirección e xestión dos servizo correspondente, así como a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros e a resolución de recursos de reposición que se interpoñan contra os ditos actos.

2- PROMOCIÓN ECONÓMICA :

No concelleiro e membro da Xunta de Goberno Local, **don Antonio Fernández Martín**, as competencias xenéricas relativas a **Comercio**, incluíndo a autorización e disposición de gastos, as facultades de dirección e xestión dos servizo correspondente, así como a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros e a resolución de recursos de reposición que se interpoñan contra os ditos actos.



CONCELLO DE OURENSE
SECRETARIA XERAL

Terceiro.-A presente resolución producirá efectos dende a mesma data da súa sinatura, sen prexuízo da preceptiva publicación no Boletín Oficial da Provincia, e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Ourense e da Casa do Concello.

Cuarto.- Nas resolucións que se adopten no exercicio da delegacións conferidas por esta Alcaldía, farase constar expresamente esta circunstancia e a data desta resolución.

Quinto.- Notificarlle persoalmente a presente resolución ao designado. A delegación para ser eficaz requirirá a súa aceptación por parte do delegado. Entenderase aceptada tacitamente se no termo de tres días hábiles contados dende a notificación do acordo o concelleiro non fai manifestación expresa diante do órgano delegante de que non acepta a delegación.

Sexto.- Darlle conta ao Pleno da Corporación e a Xunta de Goberno local na primeira sesión que teña lugar.

O Concello Pleno dáse por informado

6.-Posta en coñecemento do escrito do Grupo Municipal de Democracia Ourensana de modificación da representación no Consello Reitor do Consello Municipal de Deportes.

Dáse conta do escrito do Grupo Municipal de Democracia en que se remite a relación definitiva da representación de Democracia Ourensana no Consello Reitor do Consello Municipal de Deportes, a cal queda estrutura tal e como se detalla a continuación:

- Gonzalo Pérez Jácome
- Armando Ojea Bouzo
- Suplente: Antonio Fernández Martín

O Pleno deuse por informado.

7.- Posta en coñecemento do decreto da Alcaldía de designación de don Antonio Fernández Martín para o seu exercicio do seu cargo en réxime de dedicación exclusiva (decreto núm. 8/2022)

DECRETO

Expte.: 2021051031

Visto o informe proposta do Director Xeral de Recursos Humanos de data 3 de xaneiro de 2022, en relación a dedicación exclusiva e delegación competencial de D. Antonio Fernández Martín o, sr. Alcalde del Concello de Ourense, no exercicio das competencias que lle foron legalmente atribuídas, **RESOLVE:**

PRIMEIRO.- Designar a don Antonio Fernández Martín con DNI 44.485.573-P concelleiro do Grupo Municipal de Democracia Ourensana para o exercicio do seu cargo en réxime de dedicación exclusiva e delegación competencial da Alcaldía, en atención á súa responsabilidade e a necesidade de unha completa dedicación ao exercicio do cargo, conforme ó previsto no artigo 75.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, con efectos dende o día 30 de decembro de 2021.

SEGUNDO.- Notificarlle este decreto ao interesado aos efectos da súa aceptación expresa conforme ó previsto no artigo 13.4 in fine do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro e comunicarllo á Secretaría Xeral do Pleno, á Intervención Municipal, á Tesourería Municipal e ao Servizo de Recursos Humanos.

TERCEIRO.- Darlle conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión ordinaria, de conformidade co artigo 13.4 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro.

CUARTO.- Este decreto publicarase integramente no Boletín Oficial da Provincia de Ourense en cumprimento do previsto no artigo 75.5 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

O Concello Pleno dáse por informado

8.- Posta en coñecemento do decreto da Alcaldía-Presidencia sobre determinación, composición e funcionamento das xuntas de área (decreto núm. 11/2022)

DECRETO DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA

ASUNTO: Determinación, composición e funcionamento das Xuntas de Área.

Fundamentos xurídicos

O artigo 123.1.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local, dentro do seu Título X introducido polo apartado 4 do artigo primeiro da Lei 57/2003, de 16 de decembro; establece que lle corresponde ao Pleno, entre outras a seguinte atribución:



CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL

“A determinación dos niveis esenciais da organización municipal, entendendo por tales as grandes áreas de goberno [...], sen prexuízo das atribucións do Alcalde para determinar o número de cada un de tales órganos e establecer niveis complementarios inferiores.”.

O Regulamento Orgánico de Goberno e Organización do Pleno e a Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións do Concello de Ourense, aprobado polo Pleno da Corporación do Concello de Ourense, fiel ao mandato legal recollido no artigo 123, dispón no seu artigo 118.1 que *“Os servizos administrativos do Concello estrutúranse en áreas, que se determinarán tendo en conta os grandes contidos da actividade administrativa municipal de acordo co previsto no artigo 123.1 da Lei 7/1985.”*

O apartado 2 do mencionado artigo 118 atribúelle ao alcalde o establecemento da organización e estrutura da administración municipal executiva, sen prexuízo das competencias atribuídas ao Pleno en materia de organización municipal. Asemade, correspóndelle precisar o contido competencial de cada unha, así como no seu caso refundir e detallar.

O artigo 121.1 do referido Regulamento Orgánico, establece que *“Dentro de cada Área, e referido a materias que non sexan exclusivas do Pleno, o Alcalde ou concelleiro en quen delegue poderá convocar reunións con carácter periódico, que se denominarán “Xuntas de Área”, das que formarán parte todos os grupos políticos de acordo coa súa representación proporcional no Concello, e que terán por obxecto dar conta do funcionamento ordinario da área. Durante cada sesión o concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, ou funcionario en quen delegue, tomará as notas necesarias para redactar a acta na que se consignará:*

- a) Lugar da reunión, con expresión do local onde se celebre.*
- b) Día, mes, ano e hora en que comeza.*
- c) Nome e apelidos do presidente e dos concelleiros presentes.*

d) *Cando concorra, nome e apelidos dos funcionarios que foran chamados para comparecer ou asistir.*

e) *Asuntos que se examinan.*

f) *Opini3ns sintetizadas dos concelleiros.*

g) *Incidentes que se produzan e sexan dignos de sinalarse.*

h) *Hora en que se levanta a sesi3n.*”

O artigo 121 do Regulamento Org3nico de Goberno e Organizaci3n do Pleno e a Comisi3n Especial de Suxesti3ns e Reclamaci3ns do Concello de Ourense, no seu n3mero 2 establece que “*A presidencia da Xunta de 3rea convocar3 aos seus integrantes, como m3nimo, con dous d3as h3biles de antelaci3n e incluir3 a orde do d3a dos asuntos a tratar. Como m3nimo convocarase unha sesi3n ao mes.*”

Logo de ver os preceptos citados e demais de xeral aplicaci3n, ao abeiro do disposto no artigo 124.4 b) e k) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do R3xime Local, en relaci3n cos artigos 118 a 121 do Regulamento Org3nico de Goberno e Organizaci3n do Pleno e a Comisi3n Especial de Suxesti3ns e Reclamaci3ns do Concello de Ourense; e 9 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de r3xime xur3dico do sector p3blico, **RESOLVO:**

Primeiro.- Determinar que as Xuntas de 3rea do Concello de Ourense sexan as que se indican e co r3xime de funcionamento que se sinala:

- Denominaci3n:

- URBANISMO E INFRAESTRUTURAS, EDUCACI3N, PROMOCI3N ECON3MICA, ARTES E FESTEXOS, CONTRATACI3N E PERSOAL
- PARTICIPACI3N CIDAD3, TURISMO E TERMALISMO
- COMERCIO, SERVIZOS XERAIS E SEGURIDADE CIDAD3
- POL3TICA SOCIAL, IGUALDADE, SANIDADE, XUVENTUDE E VOLUNTARIADO



CONCELLO DE OURENSE
SECRETARIA XERAL

- **MEDIO AMBIENTE E FACENDA.**

- **Celebración das sesións:** Máximo dúas ó mes, establecendo que a primeira se desenvolva o martes seguinte á celebración da sesión Plenaria, e a segunda ós quince días naturais seguintes. De ser festivo calquera de aqueles a sesión se traslada ó primeiro día hábil posterior ó que se deba celebrar a sesión.

- **Lugar de celebración:** Nunha dependencia de titularidade municipal, agás urxencia que deberá estar motivada.

- **Hora de celebración:**

- Xunta de PARTICIPACIÓN CIDADÁ, TURISMO E TERMALISMO : 9 horas
- Xunta de POLÍTICA SOCIAL, IGUALDADE, SANIDADE, XUVENTUDE E VOLUNTARIADO: 10 Horas
- Xunta de URBANISMO E INFRAESTRUTURAS, EDUCACIÓN, PROMOCIÓN ECONÓMICA, ARTES E FESTEXOS, CONTRATACIÓN E PERSOAL: 11 horas
- Xunta de COMERCIO, SERVIZOS XERAIS E SEGURIDADE CIDADÁ: 12 horas.
- Xunta de MEDIO AMBIENTE E FACENDA : 13 horas

Segundo.- Delegar a presidencia das Xuntas de Área nos seguintes concelleiros membros do Goberno municipal :

PARTICIPACIÓN CIDADÁ, TURISMO E TERMALISMO

Presidenta: Flora Moure Iglesias

COMERCIO, SERVIZOS XERAIS E SEGURIDADE CIDADÁ

Presidente: Telmo Manuel Ucha Álvarez

POLÍTICA SOCIAL, IGUALDADE, SANIDADE, XUVENTUDE E VOLUNTARIADO

Presidenta: Eugenia Díaz Abella

URBANISMO E INFRAESTRUTURAS, EDUCACIÓN, PROMOCIÓN ECONÓMICA, ARTES E FESTEXOS , E CONTRATACIÓN E PERSOAL

Presidente: Armando Ojea Bouzo

MEDIO AMBIENTE E FACENDA

Presidente: Jorge Pumar Tesouro

Terceiro.- Establecer que as Xuntas de Área, en atención á representación proporcional de cada grupo político municipal na Corporación e conforme ás propostas remitidas á Alcaldía polos representantes dos grupos, teñan a seguinte composición:

1- ÁREA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ, TURISMO E TERMALISMO

Presidenta: Flora Moure Iglesias

Vogais:

- Dona Rosa Martínez Rodríguez (PSdG-PSOE)
- Don Javier Rey Rey (PSdG-PSOE)
- Don Jorge Pumar Tesouro (PP)
- Don Telmo Manuel Ucha Álvarez (DO)
- Don Armando Ojea Bouzo (DO)
- Don José Araújo Fernández (Ciudadanos)
- Dona Rhut Marina Reza Álvarez (BNG)

Vogais suplentes:

- Don Xosé Rúas Araujo (PSdG-PSOE)
- Don José Mario Guede Fernández (PP)
- Don Gonzalo Pérez Jácome (DO)
- Don Xosé Luis Seara Fernández (BNG)



CONCELLO DE OURENSE
SECRETARIA XERAL

2.-ÁREA DE POLÍTICA SOCIAL, IGUALDADE, SANIDADE, XUVENTUDE E VOLUNTARIADO.

Presidenta: Dona Eugenia Díaz Abella

Vogais:

- Don Rafael Rodríguez Villarino (PSdG-PSOE)
- Don Concepción García Lozano (PSdG-PSOE)
- Don Armando Ojea Bouzo (DO)
- Don Telmo Manuel Ucha Álvarez (DO)
- Don José Mario Guede Fernández (PP)
- Don José Araújo Fernández (Ciudadanos)
- Dona Rhut Marina Reza Álvarez (BNG)

Vogais suplentes:

- Don Rosa Martínez Rodríguez (PSdG-PSOE)
- Don Jorge Pumar Tesouro (PP)
- Don Gonzalo Pérez Jácome (DO)
- Don Xosé Luis Seara Fernández (BNG)

3.- ÁREA DE URBANISMO E INFRAESTRUTURAS ,EDUCACIÓN, PROMOCIÓN ECONÓMICA, ARTES E FESTEXOS , CONTRATACIÓN ,E PERSOAL.

Presidente: Don Armando Ojea Bouzo (DO)

Vogais:

- Dona Natalia González Beneitez (PSdG-PSOE)
- Don Xosé Rúas Araujo (PSdG-PSOE)
- Don Jorge Pumar Tesouro (PP)
- Don José Mario Guede Fernández (PP)

- Don Antonio Fernández Martín (DO)
- Don José Araújo Fernández (Ciudadanos)
- Don Xosé Luis Seara Fernández (BNG.)

Vogais suplentes:

- Don Wilson Jones Romero (PSdG-PSOE)
- Dona Sonia Ogando Vázquez (PP)
- Don Telmo Manuel Ucha Álvarez (DO)
- Dona Ruth Marina Reza Álvarez (BNG)

4. ÁREA DE COMERCIO,SERVIZOS XERAIS E SEGURIDADE CIDADÁ.

Presidente: Don Telmo Manuel Ucha Álvarez

Vogais:

- Dona Juana Ageitos Guede (PSdG-PSOE)
- Don Borja López Trigás (PSdG-PSOE)
- Don Jorge Pumar Tesouro (PP)
- Don José Mario Guede Fernández (PP)
- Don Armando Ojea Bouzo (DO)
- Don José Araújo Fernández (Ciudadanos)
- Dona Rhut Marina Reza Álvarez (BNG)

Vogais suplentes:

- Dona Natalia González Beneitez (PSdG-PSOE)
- Dona Ana María Fernández Morenza (PP)
- Don Gonzalo Pérez Jácome (DO)
- Don Xosé Luis Seara Fernández (BNG)



CONCELLO DE OURENSE
SECRETARIA XERAL

5.- ÁREA DE MEDIO AMBIENTE E FACENDA :

Presidente: Don Jorge Pumar Tesouro

Vogais:

- Don Wilson Jones Romero (PSdG-PSOE)
- Don Borja López Trigás (PSdG-PSOE)
- Dona Ana María Fernández Morenza (PP)
- Don Armando Ojea Bouzo (DO)
- Don Antonio Fernández Martín (DO)
- Don José Araújo Fernández (Ciudadanos)
- Dona Ruth Marina Reza Fernández (BNG)

Vogais suplentes:

- Don Javier Rey Rey (PSdG-PSOE)
- Don José Mario Guede Fernández (PP)
- Don Telmo Manuel Ucha Álvarez (DO)
- Don Xosé Luis Seara Fernández (BNG)

Cuarto.- Desta resolución daráselle traslado á Secretaría Xeral do Pleno e publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, dándose conta do seu contido ó Pleno da Corporación na primeira sesión que teña lugar, sen prexuízo da súa efectividade dende o mesmo día da súa sinatura.

Quinto.- Derogar o decreto núm. 2021005934 do 29.07.2021.

Sexto.- Contra este acordo que pon fin a vía administrativa, poderase interpor recurso potestativo de reposición no prazo dun mes ante o mesmo órgano que o ditou, ou ben, recurso contencioso- administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Ourense, sen prexuízo da posibilidade de interpor calquera outro recurso que se estime procedente.

O Concello Pleno dáse por informado.

9.- Posta en coñecemento do informe de Tesouraría sobre o período medio de pago correspondente ao mes de novembro de 2021

ASUNTO: INFORME PERIODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES MES DE NOVIEMBRE DE 2021

Expediente cívicas: 2021049295

INFORME DE TESOURERÍA

1.- NORMATIVA APLICABLE:

A lei 3/2004, de 29 de decembro pola que se establecían as medidas de loita contra a morosidade das operacións comerciais, incorporou ó noso ordenamento xurídico a Directiva 200/35/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, de 29 de xuño de 2000.

Transcorridos 5 anos dende a vixencia da citada norma, fíxose necesario a súa adaptación ós cambios producidos no entorno económico e modificación para que sexa aplicable, tanto no ámbito da empresa privada, como no do sector público. Esta modificación levouse a cabo coa Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro.

O artigo cuarto da citada norma establece:

“3.- Os Tesoureiros ou, na súa falta, Interventores das Corporacións locais elaborarán trimestralmente un informe sobre o cumprimento dos prazos previstos nesta Lei para o pago das obrigacións de cada Entidade local, que incluírá necesariamente o número e contía global das obrigacións pendentes nas que se estea incumprindo o prazo.

4.- Sen prexuízo da súa posible presentación e debate no Pleno da Corporación local, devandito informe deberá remitirse, en todo caso, aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e, no seu respectivo ámbito territorial, aos das Comunidades Autónomas que, con arranxo aos seus respectivos Estatutos de Autonomía, teñan atribuída



CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL

a tutela financeira das Entidades locais. Tales órganos poderán igualmente requirir a remisión dos citados informes.”

O Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenrola a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos rexímenes de financiación, previstos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira”.

Con este Real Decreto dase cumprimento ó que establece a Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira, tras a reforma operada pola Lei Orgánica de Control da Débeda no Sector Público, que introduce o concepto de período medio de pago (PMP), como expresión do volume da débeda comercial, e establece a obriga de que todas as Administracións Públicas o apliquen e fagan público.

O obxectivo principal é contribuír a erradicar a morosidade das Administracións Públicas e controlar a débeda comercial, evitando a acumulación de atrasos no pago de facturas ós provedores.

A citada norma ten sido modificada no que se refire á **metodoloxía do cálculo do PMP** polo Real Decreto 1040/2017, de 22 de decembro. Como expón a información emitida polo propio Ministerio de Facenda, trátase con esa modificación de reforzar o cumprimento da normativa europea en materia de loita contra a morosidade, quedando a nova metodoloxía alineada coa normativa nacional, que traspón as directivas comunitarias, iniciándose o cómputo dos prazos, con carácter xeral, dende a aprobación dos documentos que acrediten a conformidade cos bens entregados ou servizos prestados, en lugar do criterio que se aplicaba ata a data, no que o inicio do prazo de cómputo producíase dende os 30 días seguintes á entrada da factura no rexistro administrativo.

A nova **metodoloxía do cálculo do PMP** non permite que o dato resultante tome valor negativo si a Administración paga antes de trinta días naturais dende a presentación das facturas ou certificacións de obra.

2.- INFORME:

Establece o Real Decreto 635/2014, modificado polo Real Decreto 1040/2017, unha metodoloxía económica común para o cálculo do período medio de pago a provedores, período medio que ven a medir o atraso no pagamento da débeda comercial en termos económicos.

Así, calcularase un período medio de pago global a provedores que comprenderá o de todas as entidades incluídas no artigo 2 da LO 2/2012 e, o período medio de pago de cada entidade. Para o cálculo do período medio de pago o Real Decreto precisa as facturas que deberán ser tidas en conta e sinala, expresamente, aquelas que deberán ser excluídas. Estes cálculos, no caso das Corporacións Locais incluídas no ámbito subxectivo dos artigos 111 e 135 do TRLRFL aprobado por RDL 2/2004, de 5 de marzo, será mensual.

A metodoloxía establecida para o cálculo do período medio de pago a provedores é a seguinte:

Artigo 4: “Cálculo do período medio de pago global a provedores”

$$\frac{\sum (\text{período medio de pago de cada entidade} * \text{importe operacións da entidade})}{\text{período medio de pago}} = \text{global a provedores} \sum \text{importe operacións das entidades}$$

“Se entenderá por importe de las operacións da entidade o importe total de pagos realizados e de pagos pendentes nos termos indicados nos artigos seguintes”

Artigo 5 (do RD 635/2014 de 25 de xullo, modificado polo RD 1040/2017, de 22 de decembro): **“Cálculo do período medio de pago de cada entidade”**

1.- Aos efectos do cálculo do período medio de pago global ao que se refire o artigo anterior, o período medio de pago de cada entidade calcularase de acordo coa seguinte fórmula:

$$\frac{\text{rateo operacións pagadas} * \text{importe total pagos realizados} + \text{ratio operacións pendentes de pago} * \text{importe total pagos pendentes}}{\text{período}} =$$



CONCELLO DE OURENSE
SECRETARIA XERAL

medio de pago importe total pagos realizados + importe total pagos pendentes

2.- Para os pagos realizados no mes, calcularase o cociente das operacións pagas de acordo coa seguinte fórmula:

\sum (número de días de pago * importe da operación pagadas)

rateo das operacións = _____

pagadas *Importe total de pagos realizados*

Entenderase por número de días de pago, os días naturais transcorridos desde:

- A data de aprobación das certificacións de obra ata a data de pago material por parte da Administración.
- A data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade cos bens entregados ou servizos prestados, ata a data de pago material por parte da Administración.
- A data de entrada da factura no rexistro administrativo, segundo conste no rexistro contable de facturas ou sistema equivalente, ata a data de pago material por parte da Administración, nos supostos nos que ou ben non resulte de aplicación un procedemento de aceptación ou comprobación dos bens ou servizos prestados ou ben a factura recíbese con posterioridade á aprobación da conformidade.

Nos supostos nos que non haxa obrigação de dispoñer de rexistro contable, tomarase a data de recepción da factura no correspondente rexistro administrativo.

No caso das facturas que se paguen con cargo ao Fondo de Liquidez Autonómico ou con cargo á retención de importes a satisfacer polos recursos dos réximes de financiamento para pagar directamente aos provedores, considerarase como data de pago material a data da proposta de pago definitiva formulada pola Comunidade Autónoma ou a Corporación Local, segundo corresponda.

3. Para as operacións pendentes de pago ao final do mes calcularase a cociente de operacións pendentes de pago de acordo coa seguinte fórmula:

\sum (número de días pendentes de pago * importe da operación pendente de pago)

rateo de operacións = _____

pendentes de pago $\frac{\text{Importe total de pagos pendentes}}{\text{Importe total de pagos pagados}}$

Entenderase por número de días pendentes de pago, os días naturais transcorridos desde:

- A data de aprobación das certificacións de obra ata o último día do período ao que se refiran os datos publicados.
- A data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade cos bens entregados ou servizos prestados ata o último día do período ao que se refiran os datos publicados.
- A data de entrada da factura no rexistro administrativo, segundo conste no rexistro contable de facturas ou sistema equivalente, ata o último día do período ao que se refiran os datos publicados, nos supostos nos que ou ben non resulte de aplicación un procedemento de aceptación ou comprobación dos bens ou servizos prestados ou ben a factura recíbese con posterioridade á aprobación da conformidade.

Nos supostos nos que non haxa obrigação de dispoñer de rexistro contable, tomarase a data de recepción da factura no correspondente rexistro administrativo.”

Lémbrese que o concello de Ourense ten establecido o procedemento de conformidade de facturas para todos os bens ou servizos prestados polo que lle son de aplicación os apartados a) e b) de cada un dos supostos de cálculo do rateo de operacións pagadas e pendentes de pago

Aplicando a metodoloxía establecida no citado Real Decreto 635/2014 de 25 de xullo, modificado polo Real Decreto Real Decreto 1040/2017, de 22 de decembro, os períodos medios de pago resultantes no mes de NOVIEMBRE de 2021 son:

	Concello	Consello Municipal de Deportes (*)
Rateo de operacións pagadas	38,45	41,59
Importe de operación pagadas	3.711.732,87 €	481.135,14 €
Rateo de operacións pendentes de pago	42,75 (**)	16,90



CONCELLO DE OURENSE
SECRETARIA XERAL

Importe de operacións pendentes de pago	4.279.713,82 € (**)	171.795,68 €
PMP de cada entidade	40,75	35,09
Período medio de pago global a provedores	40,32	

(*) datos proporcionados polo administrador do CMD, xúntase documentación xustificativa

(**) Nestes cómputos reñese en conta 5 facturas de AGUAS DE LAS CUENCAS DE ESPAÑA S. A. con CIF A50736784 que ascenden a 631.543,24 €, que están pendentes do recoñecemento por execución de sentenza do xulgado contencioso-administrativo número 1 de Ourense, conformadas entre o 25/10/2021 e o 28/10/2021.

No cálculo dos períodos medios de pago, tal e como establece o artigo 3 do Real Decreto 635/2014, só se terán en conta as facturas expedidas dende o 1 de xaneiro de 2014 que consten no rexistro contable de facturas e as certificacións de obra aprobadas dende a esa data. Quedan excluídas as obrigas de pago contraídas entre entidades que teñen a consideración de Administracións Públicas no ámbito da contabilidade nacional, así mesmo, quedan excluídas as obrigas de pago que foron obxecto de retención dende esta Tesourería como consecuencia de embargos, mandamentos de execución, procedementos administrativos de compensación ou actos similares ditados por órganos xudiciais ou administrativos.

Tendo en conta que o período medio de pago global resultante no Concello para o mes de NOVIEMBRE de 2021 é de **40,32** días, estase a incumprir o prazo previsto na Lei 15/2010, de 5 de xul55,011o, de modificación da Lei 3/2004, de 29 e decembro, pola que se establecían as medidas de loita contra a morosidade das operacións comerciais.

A Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público, establece no artigo 10: “Os órganos ou unidades administrativas que teñan atribuída a función de contabilidade nas Administracións Públicas efectuarán requirimentos periódicos de actuación respecto ás facturas pendentes de recoñecemento de obrigas, que serán dirixidos aos órganos competentes”.

endo en conta o sinalado, achégase como ANEXO I ó presente informe, copia do requirimento efectuado no mes de NOVIEMBRE de 2021 dende esta Tesourería ós servizos municipais que teñen facturas sen tramitar no rexistro de facturas que tiveron entrada no rexistro xeral do Concello con antigüidade superior a 30 días, (sexa por non estar devoltas, correctamente conformadas ou por presentar algún tipo de defecto subsanable polo servizo esixido dende a Intervención), no que se solicita, á vista dos prazos establecidos pola normativa vixente para a aprobación das facturas, procedan a realizar as actuacións pertinentes que permitan a tramitación do recoñecemento das obrigas.(ANEXO I-1). Nº expediente Cividas 2021037797

Como **ANEXO II**, achégase o informe de resume xerado polo programa de contabilidade no que se recolle o importe total das operacións pagadas e as pendentes de pago correspondentes ó mes de NOVIEMBRE de 2021 que xeraron os rateos e período medio de pago resultante para o Concello.(ANEXO II-1 e ANEXO II-2)

Como **ANEXO III**, achégase os informes de detalle e resume xerados polo programa de contabilidade no que se recollen as operacións pagadas e as pendentes de pago correspondentes ó mes de NOVIEMBRE de 2021 que xeraron os rateos e período medio de pago resultante para o Consello Municipal de Deportes, enviados a esta Tesourería dende o Organismo Autónomo.

O Concello Pleno deuse por informado.

10.- Parte resolutiva

10.1 Moción Grupo Municipal de Ciudadanos relativa á nova regulación do tributo de plusvalía municipal

Exposición de motivos:

Durante os últimos anos, os sucesivos Gobernos de España, foron incapaces de adecuar o imposto do incremento de valor dos terreos de natureza urbana e os seus métodos de cálculo, aos requirimentos desde o ano 2017 realizados por parte do Tribunal Constitucional nas súas sentenzas.

A reforma da regulación do imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana que se aprobou recentemente pola Real decreto lei 26/2021, en lugar de arranxar a situación orixinada polos pronunciamentos do Tribunal Constitucional, consolidou a situación de inseguridade para cidadáns e administracións locais que se arrastra desde 2017, provocando consecuencias como que a devolución das cantidades indebidamente cobradas, nos termos sinalados na sentenza, xeran unha situación de incerteza e complicacións financeiras.

A ferramenta legal usada é unha Real decreto lei de moi dubidosa validez para determinar aspectos fundamentais dun tributo. E o contido da propia regulación, que permite seguir gravando por beneficios non producidos ao non se computaren os gastos e tributos soportados, as melloras realizadas e a inflación producida, augura que se manterá a situación de disputa actual. Isto non deixa de ser a resposta dos cidadáns ante un imposto inxusto e o produto da inacción dos sucesivos gobernos.

Ademais, tampouco se viu acompañada de medidas que permitan aos concellos facer fronte á perda de ingresos que supón e a adecuación de procedementos, ferramentas, formación de persoal e xestores que se ten que levar a cabo para adecuar cada administración tributaria municipal á nova regulación. O tributo supón unha fonte de financiamento clave para moitos concellos, de modo que isto se converte nun problema capital para moitos deles.

Isto tamén incide, fundamentalmente, nos veciños, poñendo en risco o funcionamento dos servizos públicos municipais, o mantemento ou mellora dos equipamentos locais, polo que é



CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL

necesario actuar para dar solución a este problema, asegurando un correcto financiamento das entidades locais, así como evitar o excesivo gravame aos cidadáns.

Atopámonos, por tanto, cunha conxuntura de extrema gravidade en canto á situación económica futura dos concellos e cremos que o Goberno de España debe responsabilizarse.

Proposta para a súa aprobación:

1.- *Instar o goberno municipal a suprimir o imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana nos casos de venda a perdas e herdanza de vivenda na nova regulación do tributos.*

2.- *Instar o goberno municipal a adaptar a Ordenanza Fiscal correspondente do tributo da plusvalía municipal, no prazo máximo de seis meses, tal e como establece a Real Decreto Lei 26/2021, para evitar que mentres tanto se apliquen os topes máximos fixados polo Ministerio de Facenda do Goberno de España.*

3.- *Instar o goberno municipal a corrixir ata un 15% á baixa os valores catastrais do chan en función do seu grao de actualización, tal e como permite e establécese na Real Decreto Lei 26/2021.*

4.- *Instar o Goberno de España a presentar a nova regulación do imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana a través dun proxecto de Lei que adapte o texto da Lei reguladora das Facendas Locais á xurisprudencia do Tribunal Constitucional, substituíndo á Real Decreto Lei 26/2021.*

5.- *Instar o Goberno de España a crear un fondo extraordinario e a responsabilizarse da perda de ingresos dos concellos ocasionados por esta sentenza sobre as finanzas municipais.*

6.- *Instar o Goberno de España a crear un fondo compensatorio permanente para os concellos por a perda e a redución de ingresos que se poida ocasionar e que xere o novo método de cálculo do imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, en cumprimento do principio de suficiencia financeira.*

O Pleno do Concello, por cinco votos a favor, do Grupo Municipal de Ciudadanos e de dona María Teresa Rodríguez Garrido, de dona María del Mar Fernández Dibuja, de don Manuel Álvarez Fernández e de don Laureano Bermejo Ansia, concelleiros non adscritos; e vinte e unha abstencións do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, do Grupo Municipal do Partido Popular, do Grupo Municipal do BNG e do Grupo Municipal de Democracia Ourenzana adoptou o seguinte **ACORDO**: Aprobar o punto un.

O Pleno do Concello, por doce votos a favor do Grupo Municipal do Partido Popular, do Grupo Municipal de Ciudadanos e de dona María Teresa Rodríguez Garrido, de dona María del Mar Fernández Dibuja, de don Manuel Álvarez Fernández e de don Laureano Bermejo Ansia, concelleiros non adscritos; e catorce abstencións do Grupo

Municipal do PSdeG-PSOE, do Grupo Municipal do BNG e do Grupo Municipal de Democracia Ourensana adoptou o seguinte **ACORDO**: Aprobar o punto dous.

O Pleno do Concello, por dous votos a favor, do Grupo Municipal de Ciudadanos e de don Laureano Bermejo Ansia, concelleiro non adscrito; e vintecatro abstencións do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, do Grupo Municipal do Partido Popular, do Grupo Municipal do BNG, do Grupo Municipal de Democracia Ourensana e de dona María Teresa Rodríguez Garrido, de dona María del Mar Fernández Dibuja e de don Manuel Álvarez Fernández, concelleiros non adscritos, adoptou o seguinte **ACORDO**: Aprobar o punto tres.

O Pleno do Concello, por nove votos a favor do Grupo Municipal do Partido Popular, do Grupo Municipal de Ciudadanos e de don Laureano Bermejo Ansia, concelleiro non adscrito; e dezasete abstencións do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, do Grupo Municipal do BNG, do Grupo Municipal de Democracia Ourensana, e de dona María Teresa Rodríguez Garrido, de dona María del Mar Fernández Dibuja e don Manuel Álvarez Fernández, concelleiros non adscritos, adoptou o seguinte **ACORDO**: Aprobar o punto catro.

O Pleno do Concello, por nove votos a favor do Grupo Municipal do Partido Popular, do Grupo Municipal de Ciudadanos e de don Laureano Bermejo Ansia, concelleiro non adscrito; e dezasete abstencións do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, do Grupo Municipal do BNG, do Grupo Municipal de Democracia Ourensana e de dona María Teresa Rodríguez Garrido, dona María del Mar Fernández Dibuja e don Manuel Álvarez Fernández, concelleiros non adscritos, adoptou o seguinte **ACORDO**: Aprobar o punto cinco.

O Pleno do Concello, por nove votos a favor do Grupo Municipal do Partido Popular, do Grupo Municipal de Ciudadanos e de don Laureano Bermejo Ansia, concelleiro non adscrito; e dezasete abstencións do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, do Grupo Municipal do BNG, do Grupo Municipal de Democracia Ourensana e de dona María Teresa Rodríguez Garrido, dona María del Mar Fernández Dibuja e don Manuel Álvarez Fernández, concelleiros non adscritos, adoptou o seguinte **ACORDO**: Aprobar o punto seis.

10.2 Moción Grupo Municipal de Ciudadanos relativa á creación dunha rede de atención psicolóxica xuvenil nos centros cívicos da cidade

Exposición de motivos:

As enfermidades mentais convertéronse xa noutra pandemia, alternativa á Covid-19. Os datos indican que en Galicia hai unhas 60.000 persoas con algún diagnóstico de enfermidade mental severa, pero estímase que a porcentaxe de pacientes sen diagnosticar é



CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL

moi elevado xa que, segundo advirten os profesionais, as consultas de psiquiatras e psicólogos atópanse saturadas, con persoas de todas as idades, pero cada vez con máis nenos e adolescentes.

Especialmente preocupante é o incremento dos suicidios, unha realidade oculta, da que non se fala, porque segue sendo tabú na sociedade actual. Segundo o Instituto Nacional de Estatística, no ano 2019, antes da pandemia, suicidáronse en España 3.671 persoas, sendo Galicia a segunda comunidade con maior taxa, detrás de Asturias, e a quinta no número absoluto de suicidios.

O ano pasado, en Galicia, quitáronse a vida 307 persoas: 220 homes e 87 mulleres. A nosa comunidade autónoma ten unha taxa de 13,11 suicidios por cada 100.000 habitantes, case o dobre da media nacional que é do 7,79%, e por encima do 11,93% europeo, segundo a Memoria 2020 do Instituto de Medicina Legal de Galicia (Imelga). A Coruña é a provincia que máis suicidios rexistrou (135), seguida de Pontevedra (98), Lugo (43) e Ourense (31). En termos relativos, por cada 100.000 habitantes, tamén está na cabeza A Coruña (17,16 suicidios por cada 100.000 habitantes), seguida de Lugo (12,47), Pontevedra (10,72) e Ourense (10,02).

Uns datos que non nos poden deixar indiferentes e que, precisamente, a Organización Mundial da Saúde, xa alertou que en 2030 os problemas de saúde mental serán a principal causa de discapacidade no mundo.

A pandemia do Covid-19 agravou estas patoloxías emocionais e son os máis novos, un dos colectivos aos que máis lles está custando saír das secuelas emocionais da pandemia. Unha importante porcentaxe sofre diversas afeccións relacionadas coa saúde mental xa que a ruptura na continuidade do seu proceso de socialización afectoulles en idades nas que resulta de vital importancia; en plena etapa de cambio e de revolución emocional.

Por outra banda, á barreira da estigmatización que sempre acompañou os problemas de saúde mental súmase o hermetismo da comunicación nestas idades, que dificulta aínda máis a actuación para poder dar a asistencia necesaria e pon en evidencia a necesidade de fortalecer e reforzar os servizos de atención aos problemas de saúde mental, especialmente nos grupos máis vulnerables como pode ser a infancia e a adolescencia.

Desde Ciudadanos cremos que desde a Administración Local, pódese axudar e moito desde a prevención, elaborando e executando programas de educación socio-emocional entre os nenos e adolescentes, creando un servizo dirixido á atención psicolóxica e asesorar aos pais no ámbito da saúde mental dos seus fillos cun convenio de colaboración co Colexio de Psicólogos de Galicia.

Proposta para a súa aprobación:

1.- Instar o Goberno local a realizar un convenio co Colexio de Psicólogos de Galicia para poñer en marcha unha rede municipal de Atención Psicolóxica nos diversos centros cívicos da cidade para prestar atención directa a nenos e adolescentes.

2.- Instar o Goberno local a organizar, a través da Concellería de Xuventude, talleres para o desenvolvemento de competencias socio-emocionais e prevención da saúde mental.

O Pleno do Concello, por sete votos a favor do Grupo Municipal do Partido Popular; oito votos en contra do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE; e dez abstencións do Grupo Municipal de Democracia Ourenzana, do Grupo Municipal de Ciudadanos, do Grupo Municipal do BNG e de dona María Teresa Rodríguez Garrido, de don Manuel Álvarez Fernández e de don Laureano Bermejo Ansia, concelleiros non adscritos, adoptou o seguinte **ACORDO**: Rexeitar a emenda.

O Pleno do Concello, por unanimidade dos presentes, adoptou o seguinte **ACORDO**: Aprobar a moción.

10.3 Moción do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE para a defensa, protección e recuperación do río Barbaña e do seu entorno

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

É evidente que **a historia do Río Barbaña na cidade de Ourense vén profundamente marcada por un conflito medioambiental imparable nas últimas décadas e que as distintas administracións foron incapaces ata o de agora de atallar.** Un dato relevante foi o publicado a finais do ano 2016 no que o portal Econoticias situaba ao Río Barbaña no cumio dos ríos máis contaminados de toda España.

Dende as propias institucións coma o Concello de Ourense, a Confederación Hidrográfica do Miño- Sil, a Xunta de Galicia ou o Goberno de España; e dende colectivos coma a Sociedade Galega de Historia Natural, a Plataforma Ríos Limpos, Amigos da Terra, Amigas das Árbores ou Ecoloxistas en Acción, recoñecen publicamente a dificultade nas actuacións de conservación, mantemento e posta en valor dunha vez por todas do Barbaña, ao non ser un río natural e atoparse canalizado, cos problemas que isto supón tamén para a súa depuración.

Precisamente nestes últimos dous meses do ano 2021, con respecto a este tipo de actuacións necesarias tivemos unha de cal e unha de area: **a luz verde ao proxecto de saneamento do río Barbaña por parte do Goberno Central e a tala indiscriminada de árbores e plantas por parte do Concello de Ourense no cauce do río.**



CONCELLO DE OURENSE
SECRETARIA XERAL

O **18 de novembro de 2021**, publicábase no BOE o inicio do procedemento de información pública do proxecto de saneamento do río Barbaña coa ampliación da depuradora de San Cibrao e as correspondentes expropiacións, paso previo á licitación das obras.

Un paso clave para a súa licitación inminente e posterior execución das obras, que suporá o investimento de **14 millóns de fondos** europeos que se atopan consignados para o proxecto, e que deben executarse na data límite de abril de 2025.

Unha semana despois, o **23 de novembro de 2021**, o Concello de Ourense anuncia que realizará **traballos de limpeza da cunca do río Barbaña**, co obxectivo de facer unha limpeza completa da ribeira do río ao seu paso pola cidade de Ourense. Os traballos alcanzarían un importe de 17.955,40 euros e centraríanse supostamente na retirada das árbores caídas que exercen como tapóns naturais e dificultan o fluxo do leito ecolóxico, ademais de tarefas de roza e retirada das ramas rotas.

Pois ben, días despois atopámonos cunha desfeita medioambiental nos traballos ordenados para a súa execución dende o Concello de Ourense, en concreto dende a Concellería de Medio Ambiente, cuxo responsable é o concelleiro do Partido Popular Jorge Pumar. Realízase **unha tala indiscriminada de árbores e plantas, non se procede á retirada de lixo e dos restos das podas e talas feitas, e a cunca do Barbaña ofrece unha imaxe máis que lamentable e devastadora.**

Esta tala indiscriminada leva por diante a **perda de milleiros de plantas ornamentais e árbores**: cipreses, bidueiros, amieiros, juníperos, cotoneaster, enebros, salgueiras, pyracanthas, nandinas, berberis, bolas de neve, spiraeas ou hedras (plantadas recentemente ademais), talando o érbedo máis grande de todo o río a carón da ponte do Barbaña. Cunha destrución masiva a ambas marxes que colateralmente dana tamén **á fauna vencellada ao ecosistema fluvial** (corvo mariño, garzas, garceta, patos, galiñas de auga e outras aves). E ademais deixando especies de Ailanthus altissima, Cortaderia selloana e outras **especies invasoras, que invadirán o río**, xa que as súas sementes se propagan mediante as correntes de aire e polas propias augas do río, co cal chegarán a invadir ás beiras do Río Miño se non se toman as medidas oportunas.

O colectivo Amigas das Árbores, xunto con Amigos da Terra, organizaron unha acción de denuncia pública conxunta na que participaron colectivos da Plataforma SOS Ourense como Emerxencia Cultural, Ecoloxistas en Acción ou a Asociación de Veciños Parque Barbaña, o día 6 de decembro, sobre a mal chamada limpeza do Barbaña, reivindicando o cumprimento do artigo 45 da Constitución Española, co gallo desta data, no que reza que o deber e os dereitos dos poderes públicos e da cidadanía son os de velar por

un medio ambiente axeitado; e recordando que esas premisas son incumpridas pola administración local da cidade.

O Grupo Municipal Socialista no Concello de Ourense demandou tamén explicacións públicas sobre a realización destes traballos dadas as graves e evidentes consecuencias que tivo para o ecosistema fluvial a realización dos mesmos. Comprobamos que a pesar de contar coa autorización da Confederación Hidrográfica, os traballos tampouco se axustaron ao recollido no dito permiso.

Chegados a este punto, cremos que é convinte solicitar ás administracións central e autonómica que exerzan as accións oportunas de inspección para a defensa e a restauración do cauce do Barbaña, e parellamente tamén que o Concello de Ourense dea un impulso definitivo e mostre o seu compromiso para poñer fin a unha débeda histórica da cidade como é **a posta en valor e a renaturalización do río Barbaña, aproveitando unha oportunidade como a que se nos brinda agora mesmo cos fondos Next Generation.**

O **martes 21 de decembro de 2021** publicábase no BOE a “**Resolución 17 de Diciembre de 2021 de la Dirección de la Fundación Biodiversidad, F.S.P., por la que se publica la convocatoria de subvenciones, en concurrencia competitiva, para restauración de ecosistemas fluviales y reducción del riesgo de inundación en los entornos urbanos españoles a través de soluciones basadas en la naturaleza, en el marco del Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia- Financiado por la Unión Europea- NextGenerationEU 2021**” destinada a concellos, con axudas mínimas de 500.000 € ata 4.000.000 €, e cun prazo de presentación de solicitudes de 60 días hábiles a partir do día seguinte da súa publicación no BOE.

O obxecto das axudas é o fomento de actuacións dirixidas á restauración de ecosistemas fluviaais e á redución do risco de inundación en contornos urbanos a través de solucións baseadas na natureza. Estas actuacións, poderán ser levadas a cabo naqueles tramos fluviaais onde resulten máis efectivas e deben contribuír á mellora do estado ecolóxico do sistema fluvial. Os proxectos abordarán de forma integral estes obxectivos e os seus resultados deberán ser por si mesmos perdurables no tempo, xerando ademais un impacto socioeconómico positivo, e integrando a igualdade de xénero e de oportunidades de forma transversal.

Esta convocatoria é unha oportunidade máis que cremos que non podemos permitírnos deixar escapar e na que o actual goberno municipal ten que poñerse a traballar para presentar en tempo e forma un proxecto susceptible de financiamento con cargo a estes fondos.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal Socialista presenta neste Pleno, para a súa aprobación, as seguintes propostas de **ACORDOS**:



CONCELLO DE OURENSE
SECRETARIA XERAL

1. Instar á Confederación Hidrográfica do Miño-Sil e á Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia a realizar as labores de inspección ambiental oportunas en canto ás actuacións levadas a cabo na cunca do río Barbaña por parte do Concello de Ourense a través dunha empresa adxudicataria; esixíndose as responsabilidades derivadas da actuación de ser o caso, ademais da restauración e recuperación inmediata da zona.
2. Instar ao Goberno Municipal a que proceda á redacción e presentación urxente dun Plan de Restauración e Renaturalización das ribeiras do Río Barbaña, co fin de poder optar ao seu financiamento a través da convocatoria específica de subvencións para a restauración de ecosistemas fluviais recentemente aprobada no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia do Goberno de España financiado pola Unión Europea a través dos chamados Fondos Next Generation.

O Pleno do Concello, por catorce votos a favor do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, do Grupo Municipal do BNG e de dona María Teresa Rodríguez Garrido, de dona María del Mar Fernández Dibuja, de don Manuel Álvarez Fernández e de don Laureano Bermejo Ansia, concelleiros non adscritos; sete votos en contra do Grupo Municipal do Partido Popular; e cinco abstencións do Grupo Municipal de Democracia Ourenzana e do Grupo Municipal de Ciudadanos, adoptou a seguinte **ACORDO**: Aprobar a moción.

10.4 Moción do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE para instar ao goberno municipal á paralización urxente da licitación das obras de humanización da rúa Concordia ao carecer da autorización preceptiva por parte da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende o inicio do presente mandato en xuño de 2019, **a rúa Concordia da nosa cidade converteuse na “zona 0” dos anuncios, caprichos e desmáns do actual rexedor Gonzalo Jácome**, sempre rodeados dun importante grao de escurantismo e con finais abocados á chapuza administrativa e aos problemas legais e institucionais.





CONCELLO DE OURENSE

SECRETARIA XERAL

REVISIÓN DO P.X.O.M. DO CONCELLO DE OURENSE		MEDIU URBÁN	
INVENTARIO	REFERENCIA DE CASERIO	FICHAM*	
RÚA CAPTÁN ELOY Nº 9	34.86.6.11	20.04 (Incl.1)	
DOCUMENTACIÓN ORIXINAL	GRADO DE PROTECCIÓN CATEGORÍADO		
AUTOR: MANUEL COELHO FERRO SIGADO: 16	DATA: 18/03/2023 EFECTIVO: 132		
PROTECCIÓN ESTRUCTURAL			
		<p>PROTECCIÓN OBSERVACIÓN:</p> <p>PROTECCIÓN ESTRUCTURAL DE FACHADA. PERMITE A CONSTRUCCIÓN DE UN NOVO RENOVANDO 2,5 M DE ANCHURA DE FACHADA.</p> <p>CONSERVANDOSE ACHEILOS ELEMENTOS HISTÓRICOS DE INTERÉS. ESPECIALMENTE O PORTAL DE ENTRAIDA DO PRIMEIRO ANDAR. QUE SE ENCONTRA EN BUEN ESTADO DE CONSERVACIÓN. C.T.M.F.B.C. INSCRIPCIÓN DE INTERÉS.</p> <p>EL PLAN DE ORDENACIÓN DE BARRIOS DE OURENSE DE 1984 CONSIDERA ESTE CASERIO COMO BICENTENARIO DE INTERÉS.</p>	
<p>ESTRUCUTURA:</p> <p>* ALTA TORRE 3B + 4I</p> <p>INTERFACIÓ DO PRIMEIRO ANDAR</p> <p>OCIO DO SEGUNDO ANDAR</p> <p>CARPINTERÍA MADEIRA</p> <p>ALCOZAS MADEIRA</p> <p>BALCÓN MADEIRA</p> <p>BRANDELO DE FERRO</p> <p>GRABADO</p> <p>CORONA EN PLÁSTICO CON BARRIDO</p> <p>ARCOZ EN FERRO</p>	<p>PROTECCIÓN PARAMÉTRICO:</p> <p>* ALTA TORRE 3B + 4I</p> <p>INTERFACIÓ DO PRIMEIRO ANDAR</p> <p>OCIO DO SEGUNDO ANDAR</p> <p>CARPINTERÍA MADEIRA</p> <p>ALCOZAS MADEIRA</p> <p>BALCÓN MADEIRA</p> <p>BRANDELO DE FERRO</p> <p>GRABADO</p> <p>CORONA EN PLÁSTICO CON BARRIDO</p> <p>ARCOZ EN FERRO</p> <p>ARCOZ EN FERRO</p>	<p>DESCRIPCIÓN:</p> <p>ESPEDICIÓN DE PLANOS DE PROTECCIÓN ESTRUCTURAL DE FACHADA. PERMITE A CONSTRUCCIÓN DE UN NOVO RENOVANDO 2,5 M DE ANCHURA DE FACHADA. CONSERVANDOSE ACHEILOS ELEMENTOS HISTÓRICOS DE INTERÉS. ESPECIALMENTE O PORTAL DE ENTRAIDA DO PRIMEIRO ANDAR. QUE SE ENCONTRA EN BUEN ESTADO DE CONSERVACIÓN. C.T.M.F.B.C. INSCRIPCIÓN DE INTERÉS.</p> <p>SITUACIÓN: BARRIO DE OURENSE. CASERIO DE INTERÉS. REFERENCIA DE CASERIO: 34.86.6.11. REFERENCIA DE FICHAM: 20.04 (Incl.1).</p>	

REVISIÓN DO P.X.O.M. DO CONCELLO DE OURENSE		MEDIU URBÁN	
INVENTARIO	REFERENCIA DE CASERIO	FICHAM*	
RÚA CAPTÁN ELOY Nº 11	34.84.6.10	20.05	
DOCUMENTACIÓN ORIXINAL	GRADO DE PROTECCIÓN CATEGORÍADO		
AUTOR: DAIS SIGADO: 16	DATA: 18/03/2023 EFECTIVO: 132		
PROTECCIÓN DE FACHADAS			
		<p>PROTECCIÓN OBSERVACIÓN:</p> <p>PROTECCIÓN DE FACHADA. PERMITE A CONSTRUCCIÓN DE UN NOVO RENOVANDO 1,5 M DE ANCHURA DE FACHADA.</p> <p>CONSERVANDOSE ACHEILOS ELEMENTOS HISTÓRICOS DE INTERÉS. ESPECIALMENTE O PORTAL DE ENTRAIDA DO PRIMEIRO ANDAR. QUE SE ENCONTRA EN BUEN ESTADO DE CONSERVACIÓN. C.T.M.F.B.C. INSCRIPCIÓN DE INTERÉS.</p>	
<p>ESTRUCUTURA:</p> <p>* ALTA TORRE 3B + 4I</p> <p>INTERFACIÓ DO PRIMEIRO ANDAR</p> <p>OCIO DO SEGUNDO ANDAR</p> <p>CARPINTERÍA MADEIRA</p> <p>ALCOZAS MADEIRA</p> <p>BALCÓN MADEIRA</p> <p>BRANDELO DE FERRO</p> <p>GRABADO</p> <p>CORONA EN PLÁSTICO CON BARRIDO</p> <p>ARCOZ EN FERRO</p>	<p>PROTECCIÓN PARAMÉTRICO:</p> <p>* ALTA TORRE 3B + 4I</p> <p>INTERFACIÓ DO PRIMEIRO ANDAR</p> <p>OCIO DO SEGUNDO ANDAR</p> <p>CARPINTERÍA MADEIRA</p> <p>ALCOZAS MADEIRA</p> <p>BALCÓN MADEIRA</p> <p>BRANDELO DE FERRO</p> <p>GRABADO</p> <p>CORONA EN PLÁSTICO CON BARRIDO</p> <p>ARCOZ EN FERRO</p> <p>ARCOZ EN FERRO</p>	<p>DESCRIPCIÓN:</p> <p>ESPEDICIÓN DE PLANOS DE PROTECCIÓN DE FACHADA. PERMITE A CONSTRUCCIÓN DE UN NOVO RENOVANDO 1,5 M DE ANCHURA DE FACHADA. CONSERVANDOSE ACHEILOS ELEMENTOS HISTÓRICOS DE INTERÉS. ESPECIALMENTE O PORTAL DE ENTRAIDA DO PRIMEIRO ANDAR. QUE SE ENCONTRA EN BUEN ESTADO DE CONSERVACIÓN. C.T.M.F.B.C. INSCRIPCIÓN DE INTERÉS.</p> <p>SITUACIÓN: BARRIO DE OURENSE. CASERIO DE INTERÉS. REFERENCIA DE CASERIO: 34.84.6.10. REFERENCIA DE FICHAM: 20.05.</p>	

REVISIÓN DO P.X.O.M. DO CONCELLO DE OURENSE		MEDIU URBÁN	
INVENTARIO	REFERENCIA DE CASERIO	FICHAM*	
RÚA CAPTÁN ELOY Nº 13	34.84.6.09	20.06	
DOCUMENTACIÓN ORIXINAL	GRADO DE PROTECCIÓN CATEGORÍADO		
AUTOR: DAIS SIGADO: 16	DATA: 18/03/2023 EFECTIVO: 132		
PROTECCIÓN ESTRUCTURAL			
		<p>PROTECCIÓN OBSERVACIÓN:</p> <p>PROTECCIÓN ESTRUCTURAL DE FACHADA. PERMITE A CONSTRUCCIÓN DE UN NOVO RENOVANDO 2,5 M DE ANCHURA DE FACHADA. CONSERVANDOSE ACHEILOS ELEMENTOS HISTÓRICOS DE INTERÉS. ESPECIALMENTE O PORTAL DE ENTRAIDA DO PRIMEIRO ANDAR. QUE SE ENCONTRA EN BUEN ESTADO DE CONSERVACIÓN. C.T.M.F.B.C. INSCRIPCIÓN DE INTERÉS.</p> <p>EL PLAN DE ORDENACIÓN DE BARRIOS DE OURENSE DE 1984 CONSIDERA ESTE CASERIO COMO BICENTENARIO DE INTERÉS.</p>	
<p>ESTRUCUTURA:</p> <p>* ALTA TORRE 3B + 4I</p> <p>INTERFACIÓ DO PRIMEIRO ANDAR</p> <p>OCIO DO SEGUNDO ANDAR</p> <p>CARPINTERÍA MADEIRA</p> <p>ALCOZAS MADEIRA</p> <p>BALCÓN MADEIRA</p> <p>BRANDELO DE FERRO</p> <p>GRABADO</p> <p>CORONA EN PLÁSTICO CON BARRIDO</p> <p>ARCOZ EN FERRO</p>	<p>PROTECCIÓN PARAMÉTRICO:</p> <p>* ALTA TORRE 3B + 4I</p> <p>INTERFACIÓ DO PRIMEIRO ANDAR</p> <p>OCIO DO SEGUNDO ANDAR</p> <p>CARPINTERÍA MADEIRA</p> <p>ALCOZAS MADEIRA</p> <p>BALCÓN MADEIRA</p> <p>BRANDELO DE FERRO</p> <p>GRABADO</p> <p>CORONA EN PLÁSTICO CON BARRIDO</p> <p>ARCOZ EN FERRO</p> <p>ARCOZ EN FERRO</p>	<p>DESCRIPCIÓN:</p> <p>ESPEDICIÓN DE PLANOS DE PROTECCIÓN ESTRUCTURAL DE FACHADA. PERMITE A CONSTRUCCIÓN DE UN NOVO RENOVANDO 2,5 M DE ANCHURA DE FACHADA. CONSERVANDOSE ACHEILOS ELEMENTOS HISTÓRICOS DE INTERÉS. ESPECIALMENTE O PORTAL DE ENTRAIDA DO PRIMEIRO ANDAR. QUE SE ENCONTRA EN BUEN ESTADO DE CONSERVACIÓN. C.T.M.F.B.C. INSCRIPCIÓN DE INTERÉS.</p> <p>SITUACIÓN: BARRIO DE OURENSE. CASERIO DE INTERÉS. REFERENCIA DE CASERIO: 34.84.6.09. REFERENCIA DE FICHAM: 20.06.</p>	

REVISIÓN DO P.X.O.M. DO CONCELLO DE OURENSE		MEDIU URBÁN	
INVENTARIO	REFERENCIA DE CASERIO	FICHAM*	
RÚA PASO Nº 20	37.84.0.30	22.01	
DOCUMENTACIÓN ORIXINAL	GRADO DE PROTECCIÓN CATEGORÍADO		
AUTOR: DAIS SIGADO: 16	DATA: 18/03/2023 EFECTIVO: 132		
PROTECCIÓN INTEGRAL			
		<p>PROTECCIÓN OBSERVACIÓN:</p> <p>PROTECCIÓN INTEGRAL DE FACHADA. PERMITE A CONSTRUCCIÓN DE UN NOVO RENOVANDO 2,5 M DE ANCHURA DE FACHADA. CONSERVANDOSE ACHEILOS ELEMENTOS HISTÓRICOS DE INTERÉS. ESPECIALMENTE O PORTAL DE ENTRAIDA DO PRIMEIRO ANDAR. QUE SE ENCONTRA EN BUEN ESTADO DE CONSERVACIÓN. C.T.M.F.B.C. INSCRIPCIÓN DE INTERÉS.</p>	
<p>ESTRUCUTURA:</p> <p>* ALTA TORRE 3B + 4I</p> <p>INTERFACIÓ DO PRIMEIRO ANDAR</p> <p>OCIO DO SEGUNDO ANDAR</p> <p>CARPINTERÍA MADEIRA</p> <p>ALCOZAS MADEIRA</p> <p>BALCÓN MADEIRA</p> <p>BRANDELO DE FERRO</p> <p>GRABADO</p> <p>CORONA EN PLÁSTICO CON BARRIDO</p> <p>ARCOZ EN FERRO</p>	<p>PROTECCIÓN PARAMÉTRICO:</p> <p>* ALTA TORRE 3B + 4I</p> <p>INTERFACIÓ DO PRIMEIRO ANDAR</p> <p>OCIO DO SEGUNDO ANDAR</p> <p>CARPINTERÍA MADEIRA</p> <p>ALCOZAS MADEIRA</p> <p>BALCÓN MADEIRA</p> <p>BRANDELO DE FERRO</p> <p>GRABADO</p> <p>CORONA EN PLÁSTICO CON BARRIDO</p> <p>ARCOZ EN FERRO</p> <p>ARCOZ EN FERRO</p>	<p>DESCRIPCIÓN:</p> <p>ESPEDICIÓN DE PLANOS DE PROTECCIÓN INTEGRAL DE FACHADA. PERMITE A CONSTRUCCIÓN DE UN NOVO RENOVANDO 2,5 M DE ANCHURA DE FACHADA. CONSERVANDOSE ACHEILOS ELEMENTOS HISTÓRICOS DE INTERÉS. ESPECIALMENTE O PORTAL DE ENTRAIDA DO PRIMEIRO ANDAR. QUE SE ENCONTRA EN BUEN ESTADO DE CONSERVACIÓN. C.T.M.F.B.C. INSCRIPCIÓN DE INTERÉS.</p> <p>SITUACIÓN: BARRIO DE OURENSE. CASERIO DE INTERÉS. REFERENCIA DE CASERIO: 37.84.0.30. REFERENCIA DE FICHAM: 22.01.</p>	

Todos estes inmobles están incluídos no **Inventario de Bens do Patrimonio Cultural do Término Municipal de Ourense: Medio Urbano**, manténdose o establecido ao respecto destes de acordo co establecido no artigo 86 da **Ley 2/2017, de 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación:**

Artículo 86. Protección del patrimonio cultural

“A los efectos de la protección del patrimonio cultural y de la aplicación de la Ley del Patrimonio Cultural de Galicia, la simple declaración de nulidad del instrumento de ordenación urbanístico no implicará la pérdida de la condición de bienes declarados de interés cultural o de bienes catalogados de los bienes incluidos en el catálogo del instrumento de ordenación anulado, siendo de aplicación en todo caso el régimen derivado de la legislación indicada.”

No ámbito sobre o que se licita a intervención de instalación de diversas rampas mecánicas existen 7 edificios catalogados e incorporados ao Catálogo do

Patrimonio Cultural de Galicia, segundo os artigos 30.1 e 31.4 da *Lei 5/2016 de 4 de maio de Patrimonio Cultural de Galicia*:

Artículo 30 Catálogos urbanísticos de protección de bienes integrantes del patrimonio cultural

“Los bienes inmuebles que, por su interés cultural, se recojan individualmente singularizados en los instrumentos de planeamiento urbanístico y ordenación del territorio, se integran en el Catálogo del Patrimonio Cultural de Galicia, incluido, en su caso, su entorno de protección, salvo que tengan la consideración de bienes de interés cultural.”

Artículo 31 Procedimiento de modificación o de exclusión de bienes del Catálogo del Patrimonio Cultural de Galicia.

3. *La suspensión o la anulación del planeamiento urbanístico no determinará por sí misma la exclusión del Catálogo del Patrimonio Cultural de Galicia de aquellos bienes incluidos en él conforme al artículo 30, salvo cuando la anulación se derive de una causa de nulidad relacionada con las determinaciones del planeamiento en materia de patrimonio cultural o del propio catálogo urbanístico. En estos casos, se requerirá también la tramitación del correspondiente procedimiento de exclusión descrito en este artículo.*

4. O Catálogo que mantén a súa validez na súa introdución di:

“... se establece un ámbito de protección o respeto, que, como norma general, alcanza al frente de la manzana donde se ubica el edificio protegido, y allí donde este criterio no pueda cumplirse, el equivalente a cinco veces la longitud de su fachada principal hacia ambos lados, espacio donde se produce una especial sensibilidad en la relación con los edificios colindantes y que condicionará las futuras actuaciones que puedan desarrollarse en dicho ámbito, y donde deberán componer sus fachadas en íntima relación con las del ámbito y en especial con sus adjuntas, generadoras de ese ámbito de protección o respeto.

Si bien, este criterio puede ser discutido, constituye la vía para establecer la condición de conseguir la consonancia de las futuras intervenciones con el contexto, adecuándose al conjunto de los elementos protegidos, que deberán tener en cuenta ese recinto, para lo que, la C.T.M.P.B.C., así como la Administración Autonómica competente en materia de Patrimonio Cultural, informarán las licencias que se concedan en este sentido, para comprobar la adecuación de dichas intervenciones con los edificios catalogados.”

Para maior afondamento:

Capítulo 2. Normativa de protección de edificios pertencentes ó Inventario: BIC, catalogados e soamente inventariados.

Delimitación del ámbito de protección: *“... el equivalente a cinco veces la longitud de su fachada principal hacia ambos lados, espacio donde se produce una especial sensibilidad en la relación con los edificios colindantes y que condicionará las futuras actuaciones que puedan desarrollarse en dicho ámbito, y donde deberán componer sus fachadas en íntima relación con las del ámbito y en especial con sus adjuntas, debiendo cumplir para ello las condiciones establecidas en el capítulo 7º de las presentes ordenanzas, relativo a la normativa para la tramitación de*



CONCELLO DE OURENSE
SECRETARIA XERAL

proyectos. En aquellos casos en los que, en una misma calle, la densidad de elementos catalogados obligue a considerar un espacio de protección mayor, por superposición de ámbitos, se establecerá un recinto de protección, que condicionará las futuras actuaciones en los elementos de ese recinto. Las intervenciones en esos elementos deberán adecuarse al conjunto de los elementos protegidos, que deberán tener en cuenta ese recinto, para lo que, la C.T.M.P.B.C., así como la Administración Autonómica competente en materia de Patrimonio Cultural, informarán las licencias que se concedan en este sentido, para comprobar la adecuación de dichas intervenciones con los edificios catalogados.”

Polo anteriormente exposto, **a intervención proxectada en base ao Catálogo precisa de informe técnico municipal e ditame da CTMPBC e da Dirección Xeral de Patrimonio.**

A ter en conta tamén:

A *Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia* no seu artigo 10 establece: Artículo 10 Categorías de bienes inmuebles declarados de interés cultural o catalogados

1. Los bienes inmuebles declarados de interés cultural o catalogados se integrarán en alguna de las siguientes categorías:

- a) Monumento: la obra o construcción que constituye una unidad singular reconocible de relevante interés artístico, histórico, arquitectónico, arqueológico, etnológico, industrial o científico y técnico.*
- b) Jardín histórico: el espacio delimitado producto de la ordenación planificada de elementos naturales y artificiales de relevante interés artístico, histórico, arquitectónico, antropológico o científico y técnico.*
- c) Sitio histórico: el lugar vinculado a episodios relevantes del pasado, a tradiciones populares o a creaciones culturales singulares de interés histórico, paleontológico, siempre que esté relacionado con la historia humana, etnológico, antropológico o científico y técnico.*
- d) Yacimiento o zona arqueológica: el lugar en el que existen evidencias de bienes muebles o inmuebles susceptibles de ser estudiados con metodología arqueológica, de interés artístico, histórico, arquitectónico, arqueológico, paleontológico, siempre que esté relacionado con la historia humana, o antropológico.*

- e) *Vías culturales: la vía o camino de características originales reconocibles que forma parte, o que la formó en el pasado, de la estructura tradicional del territorio, con un relevante interés histórico, arquitectónico, arqueológico, etnológico o antropológico.*
- f) *Lugar de valor etnológico: el ámbito en el que permanecen testimonios relevantes y reconocibles de actividades o construcciones vinculadas a las formas de vida y cultura tradicional del pueblo gallego que resulten de interés histórico, arquitectónico, arqueológico, etnológico o antropológico.*
- g) *Conjunto histórico: la agrupación de bienes que conforman una unidad de asentamiento, continua o dispersa, con una estructura física representativa de la evolución de una comunidad que resulta un testimonio cultural significativo por interés artístico, histórico, arquitectónico, arqueológico, etnológico, industrial o científico y técnico, aunque individualmente los elementos que la conforman no tengan una especial relevancia.*
- h) *Paisaje cultural: el lugar identificable por un conjunto de cualidades culturales materiales e inmateriales singulares, obras combinadas de la naturaleza y el ser humano, que es el resultado del proceso de la interacción e interpretación que una comunidad hace del medio natural que lo sustenta y que constituye el soporte material de su identidad.*
- i) *Territorio histórico: el ámbito en el que la ocupación y las actividades de las comunidades a lo largo de su evolución histórica caracterizan un ámbito geográfico relevante por su interés histórico, arquitectónico, arqueológico, etnológico, antropológico, industrial o científico y técnico.*
- 1. La pertenencia a una de estas categorías no será incompatible con la declaración individualizada adicional de bien de interés cultural o la catalogación individualizada de alguno de sus elementos o con su adscripción a otras figuras de protección derivadas de otras legislaciones sectoriales.*
 - 2. La declaración de bien de interés cultural de un inmueble o su catalogación afectará tanto al suelo como al subsuelo.”*

Polo que se encadra na “a) Monumento”, dado que son cada un deles “obra o construción”, sendo de aplicación o apartado 2 do artigo 38:



CONCELLO DE OURENSE
SECRETARIA XERAL

Artículo 38 Entornos de protección subsidiarios

2. *Para los monumentos, zonas arqueológicas y vías culturales declarados de interés cultural o catalogados, en los que no se haya establecido su entorno de protección de modo específico, los entornos de protección subsidiarios ...*
3. *Los entornos de protección subsidiarios establecidos en el apartado anterior se reducirán en los suelos urbanos o de núcleo rural común hasta:*
 - a) *La propia parcela o el espacio público en el que se encuentre el bien hasta una distancia de 20 metros para bienes integrantes del patrimonio etnológico y de la arquitectura tradicional.*
 - b) *Las parcelas y edificaciones que constituyen los límites del trazado de las vías culturales.*
 - c) *Las parcelas, edificios y espacios públicos situados a una distancia inferior a 50 metros en el caso de bienes inmuebles declarados de interés cultural y a 20 metros en el caso de bienes catalogados.*
 - d) *Los solares y las parcelas contiguas a la propia del bien cultural y los espacios libres públicos o privados hasta una distancia de 50 metros cuando se trate de bienes integrantes del patrimonio arqueológico.*
4. *Los entornos de protección subsidiarios afectarán a las edificaciones y parcelas completas incluidas en la delimitación de las franjas recogidas en este artículo, así como a las fachadas que delimitan los espacios públicos indicados.*
5. *Cuando varios elementos singulares se articulen en un conjunto, el entorno de protección se trazará a partir de los elementos más exteriores del conjunto y abarcará su totalidad.”*

Polo tanto, dado **que a intervención proxectada se efectúa dentro do ámbito de 20 m de 7 edificios catalogado, é esixible a autorización da Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta de Galicia.**

Ademais a *Instrución de 8 de novembro de 2017 relativa ao trámite de autorizacións en materia de patrimonio cultural nos bens inmobles catalogados e declarados de interese cultural, os seus contornos de protección e zonas de amortiguación*, no seu punto Cuarto. Actuacións nos contornos de protección dos ben

inmóviles protegidos por su valor cultural que no precisan de autorización previa en materia de patrimonio cultural, apartado 3º:

En caso de que, aunque las obras sean semejantes a las definidas en los puntos anteriores pero se propongan diferencias de materiales, acabados y técnicas constructivas, o la incorporación de nuevas instalaciones visibles o cambios dimensionales, las intervenciones descritas sí tendrían efectos sobre su apreciación y, por lo tanto, requerían de la correspondiente autorización de la Consellería de Cultura, Educación y Ordenación Universitaria.

Además, e só redundando no exposto, tamén teremos en conta:

Resolución de 24 de febrero de 2020, de la Secretaría General de Coordinación Territorial, por la que se publica el Acuerdo de la Comisión Bilateral de Cooperación Administración General del Estado-Comunidad Autónoma de Galicia en relación con la Ley 1/2019, de 22 de abril, de rehabilitación y de regeneración y renovación urbanas de Galicia, publicada no BOLETÍN OFICIAL DEL ESTADO Núm. 73 Miércoles 18 de marzo de 2020

Acuerdo de la Comisión Bilateral de Cooperación Administración General del Estado-Comunidad Autónoma de Galicia en relación con la Ley 1/2019, de 22 de abril, de rehabilitación y de regeneración y renovación urbanas de Galicia

“1.2.c) Por lo que respecta al artículo 44.1, se entiende por ambas partes que dicho artículo no sería de aplicación a las actuaciones en edificios singulares declarados bienes de interés cultural ni a las realizadas en cualquier otro inmueble catalogado, cualquiera que sea su nivel de protección. Se entiende igualmente que tal precepto es respetuoso con la consideración del entorno de protección y de la zona de amortiguamiento como elementos necesarios para garantizar la percepción o comprensión cultural de los edificios protegidos y permitir su protección y que, por ello, el mismo únicamente está exceptuando de autorización previa del órgano autonómico competente en materia de patrimonio cultural aquellas actuaciones realizadas en edificios situados en el entorno de protección o zona de amortiguamiento que no se refieran a la envolvente exterior.

Las partes entienden que la referencia que se hace a «con independencia de lo dispuesto en este (plan especial de protección)» debe entenderse limitada a la posible previsión por tales instrumentos de la necesidad de autorización administrativa por la Administración autonómica en contra de lo dispuesto por este precepto, sin que pueda considerarse que ampara la posibilidad de realizar actuaciones en contra de las determinaciones contenidas en el plan especial, cuyo cumplimiento íntegro ha de garantizar, procediéndose a la actualización de los planes que no respondan adecuadamente a las necesidades y realidades del ámbito que deben proteger.”



CONCELLO DE OURENSE
SECRETARIA XERAL

Sen embargo, **o proxecto redactado pola Enxeñeira de Camiños Canles e Portos Dna. Lucrecia Rey Campos na contorna inmediata dos 7 edificios catalogados, foi aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 8 de xullo de 2021.**

RESOLVE: 1º.- Aprobar o proxecto das obras de humanización da rúa Concordia, cun orzamento global de 4.646.435,97 euros (3.840.029,73 € de principal e 806.406,24 € de IVE) cun orzamento de execución material de 3.226.915,74 euros.“

O proxecto aprobouse sen a preceptiva autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, e foi licitado e publicada a dita licitación en data 14.10.2021 no Perfil do Contratante do Concello de Ourense.

O procedemento prescindiu do trámite esencial nesta intervención que é a autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, e se encadra na vixente *Ley 39/2015, de 1 de outubro, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas.*

Artículo 47. Nulidad de pleno derecho.

1. Los actos de las Administraciones Públicas son nulos de pleno derecho en los casos siguientes:

a) Los que lesionen los derechos y libertades susceptibles de amparo constitucional.

b) Los dictados por órgano manifiestamente incompetente por razón de la materia o del territorio.

c) Los que tengan un contenido imposible.

d) Los que sean constitutivos de infracción penal o se dicten como consecuencia de ésta.

e) Los dictados prescindiendo total y absolutamente del procedimiento legalmente establecido o de las normas que contienen las reglas esenciales para la formación de la voluntad de los órganos colegiados. Los actos expresos o presuntos contrarios al ordenamiento jurídico por los que se adquieren facultades o derechos cuando se carezca de los requisitos esenciales para su adquisición.

f) Cualquier otro que se establezca expresamente en una disposición con rango de Ley.

2. *También serán nulas de pleno derecho las disposiciones administrativas que vulneren la Constitución, las leyes u otras disposiciones administrativas de rango superior, las que regulen materias reservadas a la Ley, y las que establezcan la retroactividad de disposiciones sancionadoras no favorables o restrictivas de derechos individuales.*

Por todo o **exposto**, o Grupo Municipal Socialista presenta neste Pleno, para a súa aprobación, as seguinte proposta de **ACORDO**:

5. **Instar ao Goberno Municipal a que proceda á paralización urxente do procedemento de licitación das obras de humanización da Rúa Concordia actualmente en marcha (a pesar de non contar coa autorización preceptiva), ata que sexa emitida unha resolución por parte da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia.**

O Pleno do Concello, por catorce votos do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, do Grupo Municipal de Ciudadanos, do Grupo Municipal do BNG e de dona María Teresa Rodríguez Garrido, de dona María del Mar Fernández Dibuja e de don Manuel Álvarez Fernández, concelleiros non adscritos; catro votos en contra do Grupo Municipal de Democracia Ourensana; e oitos abstencións do Grupo Municipal do Partido Popular e de don Laureano Bermejo Ansia, concelleiro non adscrito, adoptou o seguinte **ACORDO**: Aprobar a moción.

10.5 Moción do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego relativa a solicitar da Xunta de Galiza a posta en funcionamento dun centro de saúde na zona histórica de Ourense

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A zona histórica de Ourense sofre desde hai anos unha enorme degradación e perda de poboación. O corazón da cidade esmorece sen que por parte do concello se teña articulado ningunha medida que palíe e mesmo revirta dita situación, de feito, as últimas decisións do executivo local, como é a de eliminar o sistema de control de accesos para vehículos, contribúe e acelera dito proceso, así como a pouca sensibilidade e respecto polo noso patrimonio á hora de acometer determinadas obras.

Temos a zona histórica máis ampla de todo o país polo que non podemos permanecer alleos a súa realidade. Recuperar a zona histórica implica recuperar a cidade no seu conxunto.



CONCELLO DE OURENSE

SECRETARIA XERAL

Desde o BNG levamos tempo presentando iniciativas que contribúan a mellorar a situación e que teñen que ver fundamentalmente cos servizos básicos e a súa mellora. Dotacións fundamentais para a fixación da poboación existente e para facer atractiva a zona para todos aqueles que queren e deciden asentarse nela.

Dentro deses equipamentos básicos e que contribuirían a revitalizar a zona, atópase sen dúbida, a construción e posta en funcionamento dun centro de saúde. Entendemos viable o mesmo por varias razóns.

En primeiro lugar polo perfil poboacional, maioritariamente persoas de avanzada idade e que acoden con frecuencia á asistencia sanitaria. En segundo lugar polo perfil dos novos moradores, xente relativamente moza e con crianzas ou en idade de telas, cuxa demanda de atención pediátrica tamén é bastante frecuente.

Ao anterior debemos engadirlle o feito de que unha infraestrutura destas características xera un fluxo de movemento continuo de persoas que fai que ao seu redor se xeren as condicións idóneas para o asentamento de actividade comercial, xeralmente establecementos de alimentación, bares e cafeterías, farmacias e outro tipo de locais con oferta de servizos variada. Este feito é constatable se observamos calquera dos centros de saúde existentes actualmente no resto da cidade.

Outro aspecto a ter moi en conta é o lugar da súa ubicación. Precísase un edificio con rúas adxacentes o suficientemente ben evacuadas como para que o acceso de vehículos de emerxencia, como poden ser ambulancias ou similares, non resulte dificultoso e non supoñan tampouco un atranco para a mobilidade na zona.

Debemos determinar o ámbito de dita ubicación. Entendemos que a comprendida entre a Praza Maior e o Xardín do Posío é a máis acaída toda conta que a situada entre a Praza Maior e o Parque de San Lázaro atópase actualmente cun nivel de saturación bastante elevado tal e como indican os estudos realizados.

En definitiva, falamos de recuperar edificacións históricas, en zonas que precisan de intervencións reais e efectivas que contribúan ao seu desenvolvemento e dinamización e propomos facelo ademais, con equipamentos amplamente demandados por parte da veciñanza e que neste caso concreto serviría tamén para desconxestionar os actuais centros de saúde da cidade, os cales, nalgún caso concreto, soportan unha carga de traballo excesiva.

Non esquecemos tampouco vellas reivindicacións no ámbito sanitario e que por desgraza a día de hoxe continúan enriba da mesa sen que a Xunta de Galiza, administración responsable das mesmas, teña amosado o máis mínimo interese como é o tan demandado centro de saúde no barrio do Vinteún pero iso, como se soe dicir vulgarmente, “xa é fariña doutro costal”.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal do BNG no Concello de Ourense solicita do pleno da corporación a adoción dos seguintes

ACORDOS

1. Instar ao Goberno Local do Concello de Ourense a realizar todas as accións administrativas precisas co obxecto de por a disposición da Xunta de Galiza os inmóbeis ou terreos precisos dentro do ámbito da zona histórica de Ourense para a contrución e posta en funcionamento dun centro de saúde.
2. Instar á Xunta de Galiza á contrución e posta en funcionamento dun centro de saúde na zona histórica de Ourense.

Sométese a votación a moción co seguinte resultado: sete votos a favor do Grupo Municipal de Democracia Ourenseana, do Grupo Municipal de Ciudadanos, do Grupo Municipal do BNG e de don Laureano Bermejo Ansia, concelleiro non adscrito; sete votos en contra do Grupo Municipal do Partido Popular; e dez abstencións do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE e de dona María Teresa Rodríguez Garrido e de dona María del Mar Fernández Dibuja, concelleiras non adscritas.

Ao producirse empate, de conformidade co disposto no artigo 80 do Regulamento Orgánico, repítese a votación co mesmo resultado, decidindo a Presidencia co voto de calidade, aprobando a moción.

10.6 Moción do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego relativa á captación de fondos do programa de impulso á rehabilitación de edificios públicos (PIREP) deseñado polo Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Que os Fondos Europeos para a recuperación Next Generation, non son a única ferramenta para saír da grave crise social e económica na que nos atopamos como consecuencia da pandemia derivada da COVID-19 é unha evidencia.

Ao anterior hai que engadirlle a pouca transparencia en relación tanto ao reparto dos mesmos dentro do propio territorio estatal como aos requisitos precisos para poder optar a eles, consecuencia do afán centralizador do actual Executivo de PSOE e UP.

Aínda así, e grazas á dispoñibilidade de ditos fondos, é certo que desde o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, comezan a xurdir programas máis que interesantes para as administracións locais, sen dúbida, as peor paradas no reparto realizado dentro do actual modelo de financiamento pero as que acumulan unha maior presión e prestación de servizos, moitas veces impropios, consecuencia de ser a administración máis próxima ao cidadán e a que primeiro acoden estes en caso de precisalo.



CONCELLO DE OURENSE

SECRETARIA XERAL

Dentro de todos os programas habilitados e que como dicimos son de sumo interese para un concello coma o de Ourense, hoxe queremos facer fincapé no Programa PIREP, ou o que é o mesmo, o Programa de Impulso á Rehabilitación de Edificios Públicos.

Falamos dun programa dotado cunha partida de 600 millóns de euros para as entidades locais. Articúlase coa convocatoria de axudas mediante concorrencia competitiva e destinadas á rehabilitación ou construción de novos equipamentos públicos de diferente natureza, é dicir, usos administrativos, educativos, asistenciais, deportivos, sanitarios, culturais ou de servizos públicos varios coa única premisa de que os proxectos unha vez executados, acaden un aforro enerxético medio superior ao 30 %.

A propia convocatoria do programa determina unha serie de categorías en función das diferentes actuacións que se pretendan levar a cabo. Deste xeito atopamos axudas para a mellora da eficiencia enerxética dos edificios públicos e onde o financiamento pode chegar mesmo ao 100%.

Mais tamén as hai para obras destinadas á mellora da eficiencia ambiental en materia da auga, no emprego de materias, para a xestión de residuos, protección da biodiversidade, mellora da accesibilidade coa eliminación de barreiras arquitectónicas e a mellora da accesibilidade cognitiva e sensoria.

Tamén entran dentro do programa os proxectos dirixidos á conservación dos edificios e mesmo unha liña específica para o financiamento de ata o 100% na redacción dos proxectos.

Como xa comentamos con anterioridade e segundo se recolle nas propias bases do programa, os proxectos escolleranse a través de criterios de asignación e onde os indicadores enerxéticos, medioambientais, de implementación de sistemas de xestión dixitalizados, de interese arquitectónico ou mesmo de mellora da contorna van ser chave para a súa aprobación.

Entendemos polo tanto que estamos diante dunha boa oportunidade para que o Concello de Ourense acometa dunha vez a tan necesaria reestructuración dos diferentes servizos municipais, actualmente dispersados por toda a cidade coa rehabilitación e modernización de boa parte das dependencias e instalacións municipais, cuio estado de deterioro e obsolescencia é máis que evidente, ou mesmo coa rehabilitación de novos edificios para uso público.

Debemos aproveitar a oportunidade de poder realizar todas estas actuacións tan necesarias para o bo funcionamento da administración captando os fondos europeos que nos permitan acometer os proxectos precisos sen ter que soportar nas arcas municipais os custos dos mesmos de maneira íntegra.

A miúdo fálase de reestruturar servizos, de optimizar recursos e instalacións e mesmo de concentrar aqueles que se atopan actualmente dispersos. Pois ben, desde o BNG entendemos que boa parte desas actuacións, teñen encaixe dentro dos requisitos e

obxectivos do programa PIREP polo que entendemos necesario optar aos fondos do mesmo e contribuir deste xeito á modernización do noso concello, algo tan necesario como urxente.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal do BNG no Concello de Ourense solicita do pleno da corporación a adoción do seguinte

ACORDO

1. Instar ao Goberno Local do Concello de Ourense á elaboración e presentación dos proxectos precisos para poder optar aos fondos habilitados dentro do Programa de Impulso á Rehabilitación de Edificios Públicos (PIREP) posto en marcha polo Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, e poder mellorar e acondicionar aquelas dependencias e instalacións municipais que o precisen así como para a rehabilitación de edificios destinados ao uso público.

O Concello Pleno, por unanimidade dos presentes, adoptou o seguinte **ACORDO**: Aprobar a moción.

10.7 Moción do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE para esixir ao goberno municipal que proceda á licitación urxente do novo contrato do Servizo de Transporte colectivo e paralización do procedemento de adquisición directa de 40 novos autobuses por 14 millóns de euros iniciado pola Alcaldía unilateralmente e con grave risco de endebedamento no futuro para o Concello de Ourense

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

7 anos leva en precario o servizo de transporte urbano colectivo do Concello de Ourense, grazas ao Partido Popular e a Gonzalo Pérez Jácome, dende maio de 2015; cando entrou a gobernar o PP en solitario e despois con DO.

Coma con todo dende que chegou, esta concesión municipal estivo ateigada de falsas promesas de licitación por parte do Alcalde, do de antes e de Jácome, de escurantismo na tramitación dos expedientes, no medio dunha total falla de criterio e nin o máis mínimo rigor técnico na planificación das futuras liñas e pregos.

Este derradeiro ano 2021 foi o das ideas “eureka” a golpe de redes sociais: o das licitacións sen informes e “pola brava” e o dos caprichos nos que hai en xogo moito diñeiro público e posibles intereses máis alá do mesmo.

O **9 de marzo de 2021**, Jácome anuncia que pretende comprar 33 novos autobuses de forma directa por importe de 10 M de €, sen informes técnicos e cun informe externo de escaso rigor técnico que non avala a compra.

Despois dunha Xunta de Voceiros na que todos os grupos (a excepción de C’s) din que non, contra esta decisión, Jácome el só, anuncia a licitación da concesión, na que se



CONCELLO DE OURENSE
SECRETARIA XERAL

renovará a flota de autobuses urbanos de forma indirecta a través da empresa que resulte adxudicataria da xestión do servizo.

Anuncia tamén que o prego estará redactado en 3 meses e que a licitación do servizo de transporte urbano será antes do remate do ano 2021. O

29 de Decembro de 2021, a Xunta de Goberno Local co voto en contra do PP, aproba co votode calidade do Alcalde o expediente para a compra de 40 autobuses por importe de 14 M de €, con informe desfavorable da intervención municipal.

O expediente de licitación contempla a división en 3 lotes a través dun procedemento aberto. Jácome anuncia que estará adxudicado en marzo, que levará 8 meses a súa fabricación e que estarán nas rúas en decembro de 2022. En total contéplase a adquisición de 15 buses de 11m, 15 microbusesde 11m e 10 buses eléctricos de 12m.

O PP logo de apoiar no Pleno a macromodificación orzamentaria de Jácome de 65 M de €, onde se habilitaba a partida para a compra de autobuses, asústase agora de desembolsar todos estes cartos públicos sen informes municipais. Dende o PP declaran que existen opcións máis ventaxosas sen desembolsar tanto diñeiro público e que non apoian expedientes sen informes.

O informe da intervención municipal é terrorífico: di claramente que existe un risco alto de que non haxa fondos para cumprir coas obrigacións de pago ao adxudicatario, e polo tanto de hipotecar o Concello e as arcas públicas.

Afirma que se está furtando por parte da Alcaldía e do goberno municipal as competencias do Pleno para a tramitación de expedientes orzamentarios, utilizando para tal efecto informes “ad hoc” de responsables técnicos e con respaldo por parte dos políticos, de maneira totalmente irresponsable.

Non se debería poñer en marcha un procedemento de licitación sen os seus correspondentes informes e forzando que a adquisición dun suministro se faga sen consenso político e sen garantías, co único obxectivo de cumprir un capricho que pode ter graves consecuencias paraa cidade e para os veciños no futuro.

Noutra orde de cousas, tamén contamos neste ámbito co anuncio do Metro-Bus: 3 versións distintas da proposta no mesmo ano, sen proxecto nin informes que o avalen, sen criterio nin rigor, e que a priori de concretarse en algo levaría adiante a supresión de liñas fundamentalmente nos barrios e perímetro rural da cidade.

O 17 de setembro de 2021 o Alcalde anuncia o **Metro-Bus con 2 liñas circulares exprés.**

O 24 de setembro de 2021 o Alcalde anuncia o **Metro-Bus cunha liña Norte-Sur**, con buses eléctricos cada 5 minutos. A maiores afirma que procederá á adquisición de 43 buses e microbuses por importe de 14 M de € (10 eléctricos, 15 de 10m e 17 microbuses) e

solicitará subvención con cargo aos fondos europeos para os 10 buses largos de 12m eléctricos por importe de 2 M de € (200.000 €/u.)

O 14 de decembro de 2021 o Alcalde anuncia o Metro-Bus de liña circular de dobre sentido máis “busitos” para os barrios.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal Socialista presenta neste Pleno, para a súa aprobación, as seguintes propostas de **ACORDOS**:

1. *Esixir ao Goberno Municipal a posta en marcha da licitación urxente e completa do servizo municipal de transporte urbano colectivo do Concello de Ourense, despois de 7 anos en precario e con graves consecuencias para as arcas municipais.*
2. *Esixir ao Goberno Municipal que a nova proposta de liñas, frecuencias ou paradas deste servizo esencial para a cidadanía se faga en base a informes técnicos rigorosos e ás necesidades dos veciños e veciñas da cidade, non de acordo coas ocorrencias do actual rexidor.*
3. *Instar ao Goberno Municipal a que proceda á paralización urxente do procedemento de licitación do subministro de 40 novos autobuses por importe de 14 millóns de euros para o servizo de transporte urbano, ante o grave risco de endebedamento para as arcas públicas nos próximos anos.*

O Pleno do Concello, por 19 votos a favor do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, do Grupo Municipal do Partido Popular, do Grupo Municipal do BNG e de dona María Teresa Rodríguez Garrido e dona María del Mar Fernández, concelleiros non adscritos; tres votos en contra do Grupo Municipal de Democracia Ourensana; e dúas abstencións do Grupo Municipal de Ciudadanos e de don Laureano Bermejo Ansia, concelleiro non adscrito, adoptou o seguinte **ACORDO**: Aprobar a moción.